

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR E PARA PARTICIPAR NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO - CURSO 2022/2023

- *Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/2023.* (Publicada no DOG o mércores, 18 de maio de 2022).
- **Destinatarios:**
 - Fondo solidario de libros de texto en 3º, 4º, 5º e 6º cursos de educación primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. O alumnado incluído no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2022/2023 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto. Non obstante, terá dereito á axuda para adquirir material escolar.
 - Axudas para adquirir libros de texto en 1º e 2º cursos de educación primaria.
 - Axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria e ESO.
- **Presentación de solicitudes:** A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2022-2023. No caso de que a solicitude se tramite vía electrónica empregando a aplicación fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro. Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2022-2023, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2021-2022. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñible na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.
Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes. A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor ou representante legal do alumnado.
- **Prazo para presentar solicitudes:** O prazo para presentar solicitudes remata o 22 de xuño de 2022 (este incluído).
- **Documentación obrigatoria que hai que presentar:**
 - 1/ Anexo I debidamente cuberto.
 - 2/ Anexo II para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos.
 - 3/ Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.
 - 4/ En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor.
 - 5/ Certificado de discapacidade do alumno/a ou de calquer membro da familia se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
 - 6/ Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
 - 7/ Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - 8/ Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores.
 - 9/ Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titor carezan de DNI e NIE.**Os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores así como no caso de violencia de xénero.**
- **Información para averiguar a renda per cápita da unidade familiar:** renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2020** dividido entre o número de membros computables.
 - Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.
 - A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460). Cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
 - Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.
- **Información sobre os membros computables da unidade familiar:**
 - Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
 - Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.

- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou análoga, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

Non terán a consideración de membros computables:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

• **Asignación de libros e contía das axudas:**

A asignación de libros de texto correspondentes aos cursos 3º e 4º de educación primaria que estean dispoñibles no fondo solidario do centro, efectuarase:

- Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto que sexan necesarios para garantir:

- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros: 6 libros de texto.
- Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros: 4 libros de texto.
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 6 libros con independencia da renda.

A contía da axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de educación primaria:

- Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros: 210 euros.
- Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros: 140 euros.
- Para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, a contía das axudas será de 275 euros con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital no curso no que esté matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€: 210€.
- Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000€: 140€.

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en educación primaria:

Con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros será de 50 euros.

O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

• **Obrigas das persoas beneficiarias:**

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto terán as seguintes obrigas:

- Devolver os libros de texto do fondo solidario no curso 2021-2022.
Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP, o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, sempre que os libros ou o material adquirido non se poidan reutilizar.
A falta de devolución dos libros de texto será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2022/23.
- Conservar en bo estado os libros de texto recibidos do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto** no curso escolar 2022/23 e devolvelos ao rematar este.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir, única e exclusivamente, os libros de texto que indique o centro.
- Destinar o importe do vale para material, única e exclusivamente, a adquirir o material escolar que necesite.

• **Compatibilidades:**

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas.

Importante:

O centro dará as instrucións necesarias sobre como e cando devolver os libros de texto que forman parte do fondo solidario de libros de texto. Esas instrucións serán publicadas na páxina web do CEIP Piñeiros. O centro tamén informará das datas da publicación das listaxes provisionais e das definitivas.

A tramitación destas axudas deberá realizarse, preferiblemente, de luns a venres, dende as 9:05 horas ata as 9:50 horas e dende as 13:15 horas e as 14:00 horas na secretaría do centro.